

SETEK XINZO DE LIMIA 2025

21 DE XUÑO DE 2025

PROBA OFICIAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

A **SETEK XINZO DE LIMIA 2025** está organizada pola Concellería de Deportes de Xinzo en colaboración coa Asociación Deportiva Limiactiva, e celebrárase o sábado día 21 de xuño de 2025.

REGULAMENTO:

1. A saída será:
 - a. Ás 20:00 h para as carreiras Pitufos (150 m)
 - b. Ás 20:10 h para a carreira Sub8 (300 m)
 - c. Ás 20:20 h para a carreira Sub10 e Sub12 (900 m)
 - d. Ás 20:35 h para a carreira Sub14 e Sub16 (1800 m)
 - e. Ás 21:00 h para a carreira Absoluta (7000 m)
2. A saída e meta estará situada na Avenida de Ourense (N525, xunto a Praza Maior).
3. A clasificación será absoluta e por categorías.
4. A organización contará coa colaboración da Federación Galega de Atletismo, Protección Civil e dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ó longo do percorrido.
5. O percorrido estará sinalizado cada quilómetro.
6. O control de chegada pechará 30 minutos despois de que entre o primeiro clasificado.
7. A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuices e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo.
8. A carreira conta con seguro de accidentes e responsabilidade civil.
9. Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.
10. Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.
11. As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
12. **DEREITOS DE IMAXE** O/a participante nas carreiras autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o/a participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos/as os/as participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, dvd, internet, carteis, medios de comunicación, etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen á organización.
13. Os participantes, polo mero feito de tomar parte na proba, acatan o presente regulamento.

INSCRICIÓNS:

Recibiránse inscricións a partir do 30 de maio.

As inscricións para as carreiras **PITUFOS, SUB 8, SUB 10, SUB 12, SUB 14 e SUB 16**, serán gratuitas e faranse polos seguintes medios, ata as 23:59 h do día 18 de xuño.

✓ Na web: www.carreirasgalegas.com

As inscricións para a **CARREIRA ABSOLUTA** faranse na web <http://www.carreirasgalegas.com>, ata as 23:59 h do día 18 de xuño.

Os participantes na **CARREIRA ABSOLUTA**, teñen que abonar **7,00 €** en concepto de cuota de inscrición.

Non se completará a inscrición ata formalizar o pago.

IMPORTANTE:

Deberán sinalar se están empadroados no Concello de Xinzo de Limia para entrar na clasificación de atletas locais.

A entrega dos dorsais efectuarase ata 30 minutos antes de cada proba.

**PECHARASE A INSCRICIÓN O XOVES DÍA 19 DE XUÑO AS 23:59 H.
A ORGANIZACIÓN SERÁ MOI RIGUROSA CO PECHE DO PERIODO DE INSCRICIÓNS.**

Carreiras Escolares

CATEGORÍA	HOMES	MULLERES	HORA DA SAÍDA	DIST.
SUB 10	NADOS NO 2016-2017	NADAS NO 2016-2017	20:20 h	900 m. (1 voltas Cir-1)
SUB 12	NADOS NO 2014-2015	NADOS NO 2014-2015		
SUB 14	NADOS NO 2012-2013	NADAS NO 2012-2013	20:35 h	1,8 Km. (2 voltas Cir-1)
SUB 16	NADOS NO 2010-2011	NADAS NO 2010-2011		
SUB 8	NADOS NO 2018-2019	NADAS NO 2018-2019	20:00 h	300 m
PITUFOS	NADOS NO 2020- 2021-2022	NADAS NO 2020-2021-2022	20:10 h	150 m

Carreira Absoluta

ABSOLUTA	NADOS NO 2009 E ANTERIORES	NADAS NO 2009 E ANTERIORES	21:00 h	7.000 m
-----------------	----------------------------	----------------------------	---------	---------

CATEGORÍAS CARREIRA ABSOLUTA	HOMES	MULLERES	HORA DA SAÍDA	DIST.
SUB 18	NADOS NO 2008-2009	NADAS NO 2008-2009	21:00 H	7.000 m
SUB 20	NADOS NO 2006-2007	NADAS NO 2006-2007		
SUB 23	NADOS NO 2003-2004-2005	NADOS NO 2003-2004-2005		
SENIOR	NADOS NO 2002 ATA 34 ANOS	NADAS NO 2002 ATA 34 ANOS		
MÁSTER 35	MAIORES DE 35 ANOS	MAIORES DE 35 ANOS		
MÁSTER 40	MAIORES DE 40 ANOS	MAIORES DE 40 ANOS		
MÁSTER 45	MAIORES DE 45 ANOS	MAIORES DE 45 ANOS		
MÁSTER 50	MAIORES DE 50 ANOS	MAIORES DE 50 ANOS		
MÁSTER 55	MAIORES DE 55 ANOS	MAIORES DE 55 ANOS		
MÁSTER 60	MAIORES DE 60 ANOS	MAIORES DE 60 ANOS		

CATEGORÍAS: So se poderá participar na categoría que se corresponda co ano de nacemento.

A organización poderá modificar as distancias e os horarios da saída en función das inscricións recibidas para as categorías escolares.

PREMIOS:

CATEGORÍAS	PREMIOS	
SUB 8 SUB 10 SUB 12 SUB 14 SUB 16	TROFEO PARA OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS	
CARREIRA ABSOLUTA	1º CLAS. MASC: TROFEO 2º CLAS. MASC: TROFEO 3º CLAS. MASC: TROFEO	1º CLAS. FEM: TROFEO 2º CLAS. FEM: TROFEO 3º CLAS. FEM: TROFEO
SUB18 SUB 20 SUB 23 SÉNIOR MÁSTER 35 MÁSTER 40 MÁSTER 45 MÁSTER 50 MÁSTER 55 MÁSTER 60	TROFEO PARA OS PRIMEIROS CLASIFICADOS DE CADA CATEGORÍA. (OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS EXCEPTO OS DOS ATLETAS LOCAIS)	
ATLETAS LOCAIS (Empadroados no Concello de Xinzo)	1º LOCAL MASC: TROFEO 2º LOCAL MASC: TROFEO 3º LOCAL MASC: TROFEO	1º LOCAL FEM: TROFEO 2º LOCAL FEM: TROFEO 3º LOCAL FEM: TROFEO
PITUFOS	MEDALLAS PARA OS 30 PRIMEIROS PARTICIPANTES QUE CHEGUEN Á META	

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.